

Charlas

Agrupación Astronómica Coruñesa Ío



Charlas



As charlas da Agrupación Astronómica Coruñesa ío adaptanse ás necesidades de cada entidade:

- Duración aproximada: entre 1 y 2 horas.
- Os contidos e o nivel de profundidade poden adaptarse á idade, aos coñecementos previos e aos intereses de cada grupo.
- Ademais das temáticas propostas, pódense consultar outras opcións e deseñar charlas relacionadas con proxectos ou efemérides que se estean a desenvolver no centro ou na entidade organizadora.

Charlas



- Este formato funciona especialmente ben cando a charla se vincula cunha exposición, un obradoiro ou outra proposta práctica, xa que permite introducir conceptos, ofrecer contexto e preparar o grupo para unha experiencia posterior.
- Ao rematar, entrégase material divulgativo, como monípticos ou outros recursos, para que o alumnado poida ampliar a información e continuar explorando os contidos pola súa conta.
- Para favorecer a participación e adaptar mellor as explicacións, non se recomenda o formato de auditorio con alumnado procedente de varias unidades ou con grupos excesivamente numerosos.

Charlas

Contaminación luminosa



- A charla introduce o concepto de contaminación luminosa, as súas principais causas e os seus efectos sobre a observación astronómica, os ecosistemas, a saúde e o consumo enerxético.
- Analízanse exemplos de iluminación pouco eficiente e preséntanse medidas sinxelas para empregar a luz artificial dunha maneira máis responsable.
- A actividade busca que o alumnado comprenda que a calidade do ceo nocturno forma parte do patrimonio natural e que a súa protección depende tamén das decisións individuais e colectivas.

Charlas

Estrela Rosalíadecastro



- Esta proposta parte da estrela HD 149143, denominada internacionalmente Rosalíadecastro, e do seu exoplaneta Ríosar.
- A charla permite achegarse ao estudo das estrelas e dos planetas situados fóra do Sistema Solar, así como aos métodos empregados para detectalos e coñecer as súas características.
- A temática tamén serve para explorar as relacións entre astronomía, cultura, lingua e patrimonio, e para coñecer o proceso mediante o cal se asignaron estes nomes.

Charlas

Iniciación á astronomía



- A charla ofrece unha primeira aproximación á observación e á comprensión do ceo.
- Inclúe contidos básicos sobre estrelas, planetas, constelacións, movementos aparentes dos astros e orientación nocturna.
- Tamén se presentan recursos e recomendacións para comezar a observar a simple vista e identificar algúns dos obxectos celestes máis accesibles.
- O nivel das explicacións pode adaptarse aos coñecementos previos do grupo e complementarse posteriormente cun obradoiro ou cunha sesión de observación.